

Rabilere, Gatillo, Pistón, Portapeza, Firmegarra e Seguerrastro forman unha panda de nenos amigos de cachlear polos arredores. Mais un día decidiron arriscarse e subir ó alto da serra.

Uxío Novoneyra, é un dos poetas máis importantes da Literatura Galega. En *O cubil do xabarín* destaca na súa liña creativa de unidade e enraizamento na paisaxe natural, a percepción da mensaxe da terra á que el lle presta a súa voz apasionada.

Con esta obra, Uxío comeza unha serie de obras narrativas para *nenos de cinco a cen anos*.

EU XA LEO

A partir dos 5 anos



ala


Sig.: DUPI ----- 345
Tit.: O cubil do xabarín
Cód.: 2006123



ala delta

Uxío NOVONEYRA
QUINTANA MARTELO

O CUBIL DO XABARÍN



EDELVIVES

O cubil do xabarín


ala delta

C.1006123

Coordinador da colección: **Xulio Cobas Brenlla**

© Xulio Novoneyra

Manuel Quintana Martelo

Editorial Lus Vives, 1991

Deseño da cuberta: José Antonio Velasco

Depósito legal: Z. 2.687-90

ISBN: 84-263-1956-4

Obradoiros gráficos Edelvives

50012 Zaragoza

Printed in Spain

Prohíbese a reprodución total ou parcial desta obra baixo calquera forma, sen a autorización, previa e por escrito, dos titulares do *copyright*, excepto citas sempre que se mencione a súa procedencia.

Xulio Novoneyra

O CUBIL DO XABARÍN

Ilustrado por:

Quintana Martelo

Edición, preparación e normativización
para la colección «A la Delta» ó cuidado de
Xulio Cobas Brenlla.



*Hai eidos sos,
só para os bechos bravos*

Rabilete,
Gatillo,
Pistón,
Portapeza,
Firmegarra e
Seguerrastro

formaban unha panda de nenos ouveóns
que cacheaban as covas
e os sitios escondidos dos arredores.


Aquel domingo,
a «expedición» tiña por meta
O Cubil do Xabarín,
riba da valiña dos corzos,
entre os espiñazos de penas
que baixan da lomba da serra.



Agardaron uns por outros
ata xuntarse os seis
e, en trabado grupo para darse forza,
como doce pernas dun só corpo,
emprenden a subida
cara á alta tara
onde o xabarín ten cubil e cría.

Primeiro apeitaron a carroza súpeta,
escavada por carros, rabaños,
torbóns e séculos,
deixando logo atrás tamén
a pena e a cova do castro
que xa tiñan explorado.


A media ladeira, onde comeza
a braña, o camiño descansa



e sae a rodeira que leva ó chan
no que antes se xuntaban os pastores,
nunha pousa do monte irado.

Rabilete, que acabara adiantándose,
parouse para facer un primeiro aviso:

- Aquí deixámo-lo camiño
para meternos á bouza
e comeza o perigo.
Éras calquera mato ou recoveco
pode aparecer o xabaríño acuado
e trabarnos unha perna
ou un brazo
ó sentir ameazadas as crías.




— Din que só un xabaráin
ferido se acúa e agarda
— precisou Gatillo —.

Mais cando non vai ferido,
nunca torce a rota
e avanta na bouza
tronzando a ramalla
e canto se lle poña diante.
Ó velo aparecer coa
boca chea de canellos
tronzados e esmestruzados,
moitos cazadores
teñen deixado o seu posto,
quindado a escopeta
e botado a correr.



Esto non debe pasarnos a nós.
Hai que estar ben situados
e previamente a salvo
—sentou Gatillo
como moi experimentado,
aunque o certo é que nunca
se as vira nin de lonxe cun xabarín,
senón todo o máis con simples raposas
—o fuciño arrastro—,
co porco-teixo,
coa londre
ou coa algaria.




E, logo dunha pausa, engadiu baixando e como achegando a voz:

- Hoxe non nos
veremos con ningún
xabarín ferido nin emboscado.
O único coidado que debemos ter
é o de non metérlenos nós
dereitamente na boca.


E mirando serio a un por un
por se dubidaban do perigo, rematou:

- Eso si: ¡ ser moi avisados
ó achegarnos onde estea
o cubil das crías...!




Facendo pés de lá,
metéronse á bouza
con máis ruxir do medo a bater no peito
ca dos pés na terra
e dos brazos nas froumas
e follata do carreiro cego.
Uces, xestas e rebolas por riba da cabeza
e un olor a sombrizo,
a sitio bravo e arredado.
E ese acollemento de terra soa
que deixa de sentirse co medo.

Pasaron un carrozo de auga
que ruxía a penas monte abaixo...



Logo,
atoparon un grande formigueiro
riba dun cotón de carballo podre,
á beira do carreiro
que por fin se cega de afeito
entre a herba, maleza
e mofo mol da bouza pecha e lenta.



Estaban chegando ó cubil do xabarín,
¡ó mesmo pico!
á grande pena saínte de garmela
sobre o precipicio.
¡E oíron ruxir ás súas costas!




Volvéronse todos a un tempo
como pulsados.
O ruxir oíase cada vez máis preto
e viña polo mesmo carreiro
e no mesmo sentido que eles traían.
Non podían pois recuar.

Aterrecidos, tiraron para diante
por se atopan un rebolo polo
que arrecozar e pórse a salvo.
Un deses carballos corporentos
que deixa o lume das sucesivas queimas.
As silvas resgábanlle-la roupa
e agarduñábanlle-la pel.
Os macutos que levaban
e os longos cachavos
enganchábanse dificultando o avante.



Xa se distinguían as pisadas,
os bufidos
e os ronquidos do xabarín
que viña máis veloz ca eles
polo túnel que ten feito de vello na bouza
á súa altura.



Ó cruzar un tecedallo
de silvas e corriola,
Portapeza
ficou preso pola roupa
sen se poder ceibar.

Logo
co ruxir aínda máis preto,
xa se podía distinguir
que eran dous os xabariños.
¡Xa se lles botaban enriba!



Firmegarra
pegou un salto atrás e,
rompendo o tecedallo,
librou a Portapeza.

E ambos
cos xabaríns pisándolle-los calcaños...
acadaron un rebolo de canas baixas
no que xa estaban subidos

Rabilete,
Gatillo,
Pistón e
Seguerrastro

apedados.




Namais empoliñarse na primeira cana,
aparecen imponentes de brío
a femia...
seguida polo macho, que,
sen velos,
pasaron irados
cara á pestana da pena de garmela
sobre o precipicio.




Por esta vez
ningún dos seis se atreveu
máis adiante,
onde agora si sabían certo
O Cubil do Xabarín.

Nin o mesmísimo Seguerrastro
aventurou dous pasos tras deles.



Recuaron ciados
 e xa sen precaución
 polo mesmo carreiro,
 sen deterse sequera
 ó descruza-lo carrozo de auga,
 anque tiñan sede pola ansiedade pasada.
 Nin beberon nin se sentaron
 anque viñan cansos,
 mais algún deles mollou o pantalón...



O medo salvounos.
Mais aquel foi tan grande que,
por seren xa nenos malcotes,
con orgullo de bando
sentiron vergoña.

É, quizabes, por eso que
entre os relatos que fan
das súas «heroicas aventuras»
nunca está este do
Cubil do Xabarín.



Alá onde os montes se tecen
e se xuntan os vértices das provincias do Leste,¹
entre o alto val, no que ata
o máis pequeno sitio ten o seu nome,
e as gándaras cimeiras innomeadas do ucedo,

da antiga rota abandonada,
pasado o castro, a pena e a cova,²
sae a rodeira que leva ó *Chan do Manxadoiro*
e rolda dos pastores e de alí,
o carreiro que atravesa a bouza
cara ás valiñas máis penedías, costas e incultas.

Ti podes meterte a el
como fixeron os pequenos *exploradores*.
Mais é mellor deterse alí e ollar para o cabo
onde está certo *O Cubil do Xabarín*.
Respetar esa última distancia.

Tamén se vai só en soños ou cos ollos. Mirar é ir.
Non se achega máis quen non para ata que pisa.

¹ A Serra do Courel onde se xuntan Lugo, Ourense e o Bierzo Galego.

² Parada de Moreda, no vello camiño abandonado do Courel a Val di Orres, de arrieiros, tratantes e transhumantes, por onde baixaba a lousa, o carbón e o mineral de ferro para as antigas ferrerías de antes dos Altos Fornos.

Vocabulario

Acollemento: amparo, achego.

Acuado: retrocedido, ocultándose á beira do carreiro, emboscado.

Agarduñar: arañar, rabuñar.

Algaria: gato montés.

Apedados: paralizados de terror ou de medo.

Apeitaron: subiron a pico, sen voltas.

Arrecoxar: galear, trepar ás árbores axudándose das coxas.

Avisados: precavidos.

Bouza: bosque baixo; bosque de arbustos e árbores baixas.

Cabo: final.

Cachavos: caxatos que serven de apoio para camiñar.

Calcaños: calcañares.

Canellos: ramallos, pólas pequenas.

Carreiro cego: sendeiro asoballado polo bosque polo que é difícil andar.

Carroza súpeta: corredoira fonda e costa.
Carrozo: torrenteira que baixa dunha fonte; pequeno regueiro escavado.
Ciados: botados a tras, feitos retroceder.
Cimeiras: altas, as do cimo.
Corriola: planta trepadora.
Cotón: tocón, resto seco do pé dunha árbore.
Cubil: cama de certos animais.
De garmela: colgada, saínte.
Eidos: sitios de terra.
Empoliñarse: subirse nunha póla, nun gallo ou na cana dunha árbore.
Esmestruzados: triturados, mastigados.
Froumas: fronzas, puntiñas das ramas.
Gándara: sitios altos poboados de uces e carpazas queimadas sucesiva e secularmente polos pastores.
Londre: lóndrega, mamífero que vive na beira dos ríos alimentándose de peixe.
Malcotes: adolescentes, grandotes, medrados.
Manxadoiro: sitio para sentarse a comer.
Mofa: musgo, lique, verdín.
Pestana: saínte dunha pena.
Pousa: descanso, pausa.

Pulsados: movidos de súpeto, instantáneos, como obedecendo a unha pulsación eléctrica.
Rebolas: carballos delgados e baixos.
Rebolo: gran carballo grosso.
Rolda: roda de persoas colocadas formando unha circunferencia.
Rodeira: sinais, marcas, formadas no chan dos camiños polas rodas dos carros. Camiño secundario.
Sentou: deu por sentado.
Tara: pendente penedra.
Tecedallo: intrincado, maraña de guías de plantas trepadoras.
Ucedo: extensión de terra chea de uces en toda a alta serra.
Valiña; pequeno val; valgada.
Xabaríns: xabariños.